

PAPEL DAS ASOCIACIÓN ESTUDIANTÍS NA UNIVERSIDADE

Anxo CASTRO RODRÍGUEZ

Clube Maravedí - EUEE de Vigo.

As asociacións de estudiantes poden ter un papel moi importante na formación dos estudiantes: a aprendizaxe da vida organizativa, financeira, relacional, participativa, de dirección, de iniciativa, de traballo en equipo... a parte das aprendizaxes de contidos. Os novos Plans de Estudios Universitarios abren as portas á incorporación destas actividades dentro dos plans docentes, pero "resta por ver como nun sistema xa establecido e cun coso de anos pode encaixar este sistema que supón moito máis traballo e adicación tanto para os profesores como para os alumnos".

Cando un estudiante sae do seu instituto de bacharelato ou formación profesional e chega á universidade por primeira vez, atópase nun mundo que coida debe ser diferente ó sistema de estudios no que se formou ata ese momento. E é ben certo que así é, pero o sistema de estudios universitario no noso país non se parece en nada ó que se pode ver nas películas americanas.

A maior diferencia que se atopa o estudiante é o número de alumnos por clase que nalgúns casos pode superar os 150. Isto supón un problema evidente de seguimento da marcha dos diferentes alumnos por parte do profesorado. O sistema de ensino non varía demasiado do que ven acostumado no seu pasado, o profesor dá as súas clases e como moito para as dúbidas particulares ten unhas horas de titorías (que no mellor dos casos poden ser cumpridas).

Ante este mundo novo o único camiño que parece quedar é asistir as clases e estudiar para os exames (que son menos ca na época do bacharelato, non existindo as avaliaciós), converténdose nunha especie de maquina para estudiar e perdendo en todo caso a súa capacidade para desenvolver iniciativas propias ou probar as súas propias habilidades de organización e realización de proxectos que poidan servir para a súa capacitación laboral no futuro. Isto chega a un punto tal que, nalgúns casos, os profesores que tratan de cambiar este proceso atópanse co rechazo dos estudiantes que xa forman parte dese sistema e chegan a supoñer como normal este modo de aprendizaxe.

Ante esta situación a reforma do plan de estudios propón un sistema de ensino por créditos. A carreira no seu conxunto é un número dado de créditos que se reparten entre asignaturas troncais, optativas e de libre elección que complementarian ou complementarían as materias docentes para unha maior especializa-

ción. Dentro de cada asignatura habería unhas horas teóricas e outras prácticas sendo a vontade do lexislador uns estudios más prácticos cós actuais. Os créditos das asignaturas pódense acadar por exame, por traballos ou por participación en actividades relacionadas coa materia de ensino, sempre co visto bo e coa dirección do profesor que pasaría a ser un titor de estudios. Agora ben, resta por ver como nun sistema xa establecido e cunha inercia de anos pode encaixar este sistema que supón moito máis traballo e adicación tanto para os profesores como para os alumnos.

A outra posibilidade que se abre ós estudiantes para completar a súa formación e realizar as súas iniciativas é entrar a formar parte dalgúnha das asociacións estudiantís que existen ou mesmo chegar a formar a súa propia asociación no caso de non sentirse integrado en ningunha. Estas asociacións poden ser de varios tipos, citaremos entre outras as políticas, de intermediación con empresas e culturais. Vai ser nestas últimas nas que nos vamos centrar neste artigo. Nun principio xorden para analizar e estudiar temas que non son materia de ensino dentro da carreira. Co paso do tempo vense outras carencias no sistema tradicional de estudios e organízanse cursos e conferencias para complementar os estudios dos alumnos, non restrinxíndose a participación a socios das asociacións senón que son abertas a todo o colectivo estudiantil. Para levar a cabo estas actividades os membros das asociacións atópanse cunha serie de problemas, más ou menos semellantes ós que se van atopar na súa vida profesional, que van ter que confrontar de forma inmediata. Estas dificultades poden ser:

- Organización: Aprendemos o que é unha estructura organizativa que varía, dependendo do caso, por obxectivos, por departamentos ou xerárquica liñal; atopándonos con que áinda que a idea sexa propia tes que delegar funcións noutras persoas, aunar esforzos, e ter en conta as diferentes disponibilidades de tempo que, a diferencia cun profesional, ten un estudiante repartindo o seu tempo entre os seus deberes académicos e de asociación.
- Financeiras: A falla de recursos para as actividades, dado que nas asociacións non se fan aportacións ó capital, obriga a supilas con subvencións (aprender o difícil trato coas administracións públicas) ou co patrocinio de entidades privadas ás que lle tes que vender o producto e interesalos pola relevancia do que estas a facer.
- Localización dos persoeiros capacitados para levar a cabo este labor docente e para atraer os alumnos á participación na actividade.
- Participación nun sistema democrático de decisión e participación distinto a todas luces do sistema xerárquico no que ou ben eres xefe e decides e ordenas ou ben eres empregado e obedeces. Unha vez que tes unha idea que coidas brillante tes que conseguir o apoio do resto dos membros para a súa realización, así como tamén tes a oportunidade de ser elemento decisario sobre as ideas alleas.

Con todo isto podemos pensar que ningún alumno quere ser membro das asociacións xa que conlevan un gran esforzo e como única compensación a satisfacción das cousas feitas por ún mesmo. Mais co paso do tempo vemos que a participación activa no desenvolvemento das diferentes funcións e tarefas dentro da asociación tamén reporta unha serie de avantaxes:

- O paso polos diferentes postos directivos, que deben ser rotatorios, danos a formación práctica en materias de estudio teórico.
- O acadar unha maior formación para o alumnado e para un mesmo a un custo mínimo.
- Relacións persoais con persoeiros da vida cotián, que se non de forma directa, si terán que facerse valer no futuro como experiencia de trato para acadar un traballo ou para desenvolvelo da mellor maneira posible.

Como conclusión, dicir que a pesar das avantaxes e inconvenientes é difícil acadar novos socios para o anovamento das asociacións e mesmo, nalgúns casos, o apoio dos membros do profesorado ou directivas da universidade, que se negan a ver o papel educativo das asociacións que parece evidente a uns ollos minimamente despertos.

SUMMARY

Student associations could have a very important role to play in the formation of students: the learning of institutional organisation, finance, human relations, participation, managerial capacity, leadership, group work... as well as the learning of academic content. The new University Curriculum opens the doors to the incorporation of these activities into the teaching agenda but it remains to be seen how a system already established and with secular inertia could insert this new system which supposes a lot more work and dedication from both teachers and students.



PROGRAMA DE FORMACION DE CADROS DE XESTIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL

Ofrecemos 7 liñas de actuación:

- 1.- DISTINGUI-LO COOPERATIVISMO.
DISTINGUI-LA ECONOMÍA SOCIAL.
- 2.- EXERCE-LA AUTOXESTIÓN.
- 3.- PROMOVE-LAS RELACIÓNNS SOCIETARIAS.
- 4.- MELLORA-LA CAPACIDADE PROFESIONAL E DE
XESTÓN EMPRESARIAL.
- 5.- EXERCE-LA INTERCOOPERACIÓN.
- 6.- ANALIZA-LA ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMIENTO
DA COOPERATIVA FORMULACIÓN ESTRATÉXICA.
- 7.- CURSO AVANZADO DE FORMACIÓN DE CADROS
DE XESTIÓN DE EMPRESAS DA ECONOMÍA
SOCIAL

Cada programa poderá ser desenvolvido na EUEE de Vigo ou ben en calquera outro local axeitado que apor-ten os interesados.

Tódolos cursos serán valorados segundo un cuestio-nario de seguimiento. Sobre as bases destes cuestio-narios levarase a cabo unha readaptación do pro-grama formativo.

O seguimento do curso será recoñecido mediante o oportuno Diploma acreditativo.

Desño: MANUEL PIZCUETA BARREIRO

ASOCIACIÓN PARA A ECONOMÍA SOCIAL
EUVE - Universidade de Vigo
Consellería de Traballo
Apdo. 5.172 de Vigo - Teléf. (986) 81 37 07 - (986) Fax 81 37 46